

# CONTRATO REGULADOR DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS SOLICITANTES DE PRAZA E DOS/AS ALUNOS/AS DOS PROGRAMAS FORMATIVOS SUBVENCIONADOS ORGANIZADOS POLA FORGA

## Dumha banda:

A **persoa interesada**, maior de idade, cuxos datos persoais, académicos e identificativos se rexistrarán na base denominada FORGA das plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal). En adiante **O/A SOLICITANTE DE PRAZA E/OU O/A ALUNO/A**.

## Da outra:

A **Fundación pra Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA)**, con CIF G36818367 e con enderezo social P.I. Novo Milladoiro-R. Palmeiras, 21A 15895 do concello de Ames correo-e: ([forga@forga.gal](mailto:forga@forga.gal)). Telefone: 981 93 94 34 . En adiante **A PRESTADORA DO SERVIZO**.

Ambas partes, reconhecéndose capacidade legal suficiente, **ACORDAN** subscribir este **CONTRATO REGULADOR**, ao abeiro das seguintes,

## ESTIPULACIÓNS:

### PRIMEIRA.- Obxecto do contrato:

O obxecto do presente contrato consiste en regular os dereitos e obrigas do/a solicitante de praza e do/a alumno/a da acción formativa demandada ou adxudicada, derivada do programa formativo subvencionado no que se encadre, posto en marcha pola forGA.

### SEGUNDA.- Data de inicio e duración do contrato

A relación contractual entre a persoa interesada e a titular das plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal), nace dende o momento no que a primeira procede a asinar este contrato, electronicamente, rexistrándose e dándose de alta en liña no sistema web, ou dende o momento no que a primeira procede a asinar a ficha contractual de solicitude de praza, en papel, nalguma das Delegacións e/ou Centros Territoriais da forGA.

O contrato, pro solicitante de praza, ten un período de duración de **TRES (3) MESES NATURAIS**, a partires da data na que o asina; prorrogándose, automaticamente, por períodos temporais iguais ao inicial, de non mediar denuncia escrita dalguma das partes, con 15 días de antelación ao seu vencimento.

No caso de que o solicitante de praza adquira a condición de alumno/a do curso demandado, a duración do contrato axustarase deica o momento no que o curso chegue ao seu remate. A persoa interesada, unha vez subscrito este contrato, acepta o cumprimento da totalidade das súas estipulacións e ten dereito a obter unha copia do mesmo.

### TERCEIRA.- A solicitude de praza, nos programas formativos subvencionados

A forGA pendurará e actualizará, regularmente, no apartado correspondente da súa plataforma web as programacións de cursos subvencionados que se aproben polas entidades concedentes temporalizadas, territorializadas e sectorializadas, a efectos informativos.

O/A interesado/a en participar nalgún dos cursos dos diversos Programas formativos subvencionados organizados pola forGA, debe formular solicitude de praza na acción publicada que lle interese, por medio da cumprimentación da ficha disposta a tal efecto, ben electronicamente na web, ben en papel en calquera Delegación e/ou Centro Territorial da forGA.

A sinatura da ficha de solicitude ou do contrato electrónico confiren á fundación e ao seu persoal habilitado poder suficiente pra dar de alta nos rexistros das plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal) os datos de carácter persoal, profesional e académico que o

solicitante subministre á entidade por medio de tais documentos.

Tras a solicitude de praza o interesado/a recibirá, no correo electrónico consignado na súa demanda, o acuse de recibo da forGA relativo á solicitude realizada.

O/A solicitante de praza, nalgún dos cursos dos programas formativos subvencionados, adquire o compromiso de cumprir, de boa fé e diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo. En especial, obrígase a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, profesionais e académicos.

O/A solicitante de praza terá dereito a manter a súa solicitude, mentres estea vixente o programa formativo subvencionado e non sexa seleccionado/a pra participar na acción formativa elixida, extinguíndose tal dereito ao ficar seleccionado/a.

### CUARTA.- Criterios específicos pra selección se alumnos/as, nas convocatorias públicas subvencionadas

O/A solicitante de praza, nalgún dos cursos dos programas formativos subvencionados organizados pola forGA, ten dereito a ser seleccionado, pra participar, e chamado, pra recibir a formación requirida, consonte co disposto nas condicións e criterios selectivos da convocatoria pública correspondente.

As condicións e criterios selectivos das convocatorias públicas poderán ser consultados, polo/a solicitante de praza, tanto na páxina web da forGA ([www.forga.gal](http://www.forga.gal)), como en calquera dos seus Centros Territoriais. Igualmente, están ao dispor dos interesados/as nas páxinas web das Administracións Públicas concedentes das subvencións:

a) *Programas formativos concedidos pola Administración Autónoma:* [www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

b) *Programas formativos concedidos polo Servizo Público de Emprego Estatal:* [www.sepe.es](http://www.sepe.es)

c) *Programas formativos concedidos polo Instituto Nacional da Administración Pública:* [www.inap.es](http://www.inap.es)

d) *Programas formativos concedidos pola Fundación Tripartita de Formación pro Emprego:* [www.ffe.es](http://www.ffe.es)

e) *Programas formativos concedidos pola Xerencia do Sector Naval:* [www.gernaval.es](http://www.gernaval.es)

f) *Programa formativos distintos dos anteriores:* [www.forga.gal](http://www.forga.gal)

### QUINTA.- Criterios supletorios pra selección de alumnos/as, nas convocatorias públicas subvencionadas

No caso de que no programa formativo escolhido non exista un sistema selectivo propio,

os criterios e chamamentos pra participar nos cursos faranse consonte coas seguintes bases:

a) Por orde de antigüidade na demanda de solicitude de praza.

b) Distribuindo as prazas ofertadas nos seguintes cupos de selección:

\* Ás solicitudes de praza recibidas, en formato papel, atribuiráselle o 60% das prazas disponhíbeis.

\* Ás solicitudes de praza recibidas, pola web, atribuiráselle o 40% das prazas disponhíbeis.

c) En cada un dos dous cupos anteriores a selección terá de realizarse, reservando o 50% das prazas pra homes e o 50% pra mulleres.

d) A forGA ficará habilitada, en todo caso, pra convocar, de consideralo preciso, unha proba selectiva de admisión.

### SEXTA.- O desenvolvemento dos cursos, nos programas formativos subvencionados

#### O chamamento, a aceptación e o rexeitamento:

Os/as solicitantes de praza seleccionados/as pra realizar un curso ou acción formativa recibirán unha comunicación por correo-e, sms ou teléfono, indicándolhes a data e lugar de execución das accións formativas pras que fosen escolhidos/as, a fin de que procedan a confirmar a súa matrícula. A partires dese momento o/a solicitante de praza nun curso determinado, tornará en seleccionado/a e, xa que logo, perderá a condición de demandante do curso.

O Centro Territorial da forGA no que se vaia impartir a acción en cuestión, fica obrigado a publicar nos seus tabueiros de anuncios a relación de solicitantes escolhidos pra realizar o curso, así como a relación de suplentes; ambas ordenadas prelativamente.

A non selección pra participar nun curso dos programas formativos subvencionados, por calquera causa admisíbel en dereito, disposta polas normas da convocatoria e/ou da entidade organizadora, non xerará nenguma responsabilidade pra entidade ou pra terceiros, nen dereito de resarcimento e/ou compensación pro solicitante de praza; ficando este coa súa demanda activa pra novas convocatorias.

O rexeitamento, polo/a solicitante, a participar na acción formativa pra que foi escolhido/a será causa de exclusión da demanda presentada, nesa acción formativa.

#### O inicio e o desenvolvemento dos cursos:

A decisión de inicio de cursos corresponde a forGA, de acordo coa planificación da execución aprobada pola súa Equipa de Dirección.

As estruturas de xestión da forGA actuarán, en base ao procedemento de xestión de cursos, do seguinte xeito:

#### a. Formación presencial:

1º.- Os/As Delegados/as Territoriais ou de Centro realizarán un primeiro chamamento-sondaxe a todos os solicitantes, co obxecto de confirmar a vixencia e o interese dos mesmos/as na realización do curso en cuestión.

2º.- No caso de que, tras esa sondaxe non se conte co número de solicitudes mínimo requirido pola convocatoria, o/a Delegado/a Territorial ou de Centro actuará en base co establecido no Procedimento pra xestión da formación subvencionada.

3º.- Confirmada a vixencia das solicitudes de praza mínimas requiridas pola convocatoria, procederase á selección dos alumnos/as consonte cos criterios específicos establecidos pola convocatoria en cuestión ou, supletoriamente, polos criterios fixados na estipulación quinta deste pacto.

4º.- Realizada a selección dos alumnos/as, publicarase nos tabueiros de anuncios do Centro Territorial a listaxe de alumnos/as escollidos no curso de que se trate, así como os suplentes. Todos ordenados prelativamente.

5º.- Notificarase aos alumnos/as escollidos, por teléfono, sms ou correo-e, o lugar, data e hora de inicio da acción formativa, así como a súa obriga de achegar a documentación precisa pra formalizar a matrícula.

6º.- O día de inicio o Delegado/a Territorial ou de Centro da forGA comparecerá nas instalacións nas que se vaia desenvolver a acción formativa e procederá do seguinte xeito:

\* Notificará ao docente o procedemento de Xestión de Accidentes na forGA, pra que este o pendure na aula.

\* Notificará aos alumnos/as o procedemento de xestión de accidentes na forGA, solicitando o seu acuse de recibo.

\* Notificará aos alumnos/as a Carta de dereitos e deberes do alumnado da forGA.

\* Notificará aos alumnos/as e ao docente as Normas e/ou regulamentos de funcionamento interno da Delegación Territorial nas que se imparta o curso.

\* Notificará aos alumnos/as e ao docente as Instrucións específicas derivadas da convocatoria pública.

\* Entregará o material escolar básico e recabará a sinatura dos alumnos/as na ficha de entrega de material.

\* Realizará unha ou varias fotos do grupo pra publicar na páxina web da forGA.

\* Solicitará aos alumnos/as a achega da documentación precisa pro desenvolvemento do curso.

6º.- O último día do curso o Delegado/a Territorial ou de Centro da forGA deberá comparecer, de novo, nas instalacións nas que se desenvolva a acción formativa con varios propósitos: dar curso a trámites pendentes, facer varias fotos do curso pra páxina web da forGA, informar da data aproximada de envío ou recollida polos alumnos/as do diploma, recoller suxestións e propostas dos alumnos/as e despedir a acción formativa.

#### b. Formación a distancia e teleformación:

A forGA disporá os medios precisos pra que a tramitación e xestión da solicitude de praza, así como a matrícula, organización e execución da acción formativa elixida polo/a alumno/a se realicen electronicamente pola web.

#### **SÉTIMA.- Dereitos e obrigas do alumno/a seleccionado/a**

##### **Dereitos do/a alumno/a dun programa formativo subvencionado:**

1. A recibir a formación atribuída coa calidade e profesionalidade axeitada.

2. A recibir o diploma acreditativo da realización da acción formativa, cando o alumno/a a remate con aproveitamento e realice como mínimo as horas lectivas dispostas no programa da convocatoria e supere as avaliacións establecidas polas normativas reguladoras ou a nivel interno.

3. A recibir, no caso de solicitalo, por non ter dereito a diploma, unha certificación polas horas e módulos realizados.

4. A recibir os correspondentes certificados ou tarxetas oficiais de profesionalidade, dacordo coas normativas das convocatorias, cando a formación que se imparta conduza á obtención de créditos ou certificados de profesionalidade.

5. A percibir as bolsas e axudas a que tenha dereito, segundo o establecido no programa correspondente.

6. Á igualdade de oportunidades mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, lingua, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

7. A reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao finalizar un ciclo ou curso.

A forGA establecerá o procedemento pra formulación e tramitación das reclamacións contra as cualificacións e decisións que, como consecuencia do proceso de avaliación, se adopten ao final dun ciclo ou curso.

8. A recibir orientación laboral e profesional, a medio do Servizo correspondente da forGA, pra conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.

9. A que súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

10. Á protección dos seus datos persoais.

11. A participar no funcionamento e na vida dos centros e na actividade escolar.

12. A elixir, mediante sufraxio directo e secreto, aos seus representantes no curso no que participe, nos termos que se establezan no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA, aprobado pola ED da fundación.

Os Delegados/as de curso terán as atribucións, funcións e dereitos que lhes asigne o Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA, aprobado pola ED da fundación.

Os delegados/as de curso non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como portavoces dos alumnos/as, nos termos da normativa vixente.

13. Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos dos membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

14. A manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lhes afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes dos alumnos/as na forma establecida no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA.

15. A reunirse nos centros docentes, consonte co establecido no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA, pra desenvolver actividades de carácter escolar ou extraescolar que fomen parte do proxecto educativo do centro, así como pra aquelas outras ás que poida atribuírse unha finalidade educativa ou formativa.

Os Delegados/as Territoriais e de Centro garantirán o exercicio do dereito de reunión dos alumnos/as dentro do horario do centro, consonte co establecido nas normas de funcionamento interno de cada centro.

16. A utilizar as instalacións dos centros, previa autorización dos seus responsábeis e coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa

seguridade das persoas, a axeitada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

17. A participar, en calidade de voluntarios, nas actividades dos centros docentes.

18. A recibir o seu ensino integramente en idioma galego.

19. A ser beneficiario/a, se o desexa, do programa gratuito Carta de Servizos Complementares da forGA, tras cumprimentar os requisitos oportunos.

20. Á asistencia médica e hospitalar e a gozar de cobertura sanitaria nos termos previstos na lexislación vixente.

21. A recibir, ao inicio do curso, un paquete que contenga o material escolar básico pro desenvolvemento do curso, definido pola forGA.

22. A ter asegurado o risco de accidente e a responsabilidade civil derivados da participación na acción formativa

##### **Obrigas do/a alumno/a dun programa formativo subvencionado:**

O solicitante de praza dun programa formativo subvencionado, tras ser chamado pra participar na acción formativa demandada e asinar este contrato, adquire a obriga de cumprir, de boa fé e dilixentemente con todas as normas derivadas do mesmo e das leis civís e mercantís de aplicación.

En especial, obrígase a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, profesionais e académicos; comunicándoos e/ou actualizándoos, en persoa ou por escrito, ante as estruturas competentes da forGA.

Ademais, o/a alumno/a da forGA adquire as seguintes obrigas:

1. Estudar e aproveitar a acción formativa, no seguinte sentido:

a. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos planos de estudo.

b. Cumprir e respectar os horarios aprobados pro desenvolvemento das actividades do centro.

c. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.

d. Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros/as.

2. Respetar á liberdade de conciencia e ás convicións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

3. Non participar en accións de discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, lingua ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

4. Respetar o proxecto educativo ou o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.

5. Coidar e utilizar correctamente os bens móbiles e as instalacións do centro, así como as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

6. Participar na vida e funcionamento do centro.

Cando se incumplan os dereitos e obrigas das partes, a ED da forGA adoptará as medidas que procedan consonte co disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, no seu caso, ao/á DT e/ou Delegado/a de cada centro.

As normas de convivencia dos centros da forGA, recollidas no Regulamento de funcionamento interno dos centros e réxime de convivencia do alumnado e profesorado da forGA, poderán concretar outros dereitos e obrigas e establecerán as correccións que correspondan polas condutas contrarias ás citadas normas.

##### **OITAVA.- Prezo/gratuidade dos servizos pactados**

Os servizos regulados por este contrato teñen carácter gratuito, tanto pro solicitantes de praza como pro alumnos/as seleccionados pra realizar cursos de calquera programa formativo subvencionado.

**NOVENA.-** Dereito de información sobre inscrición, rexistro, tratamento e cesión de datos de carácter persoal, a efectos do disposto na lei 15/1999, de 13 de decembro:

O/A solicitante de praza nun programa formativo subvencionado reconece, a meio da aceptación deste contrato, que fica informado/a de que todos os datos requiridos, nos distintos apartados da plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal),

son precisos pra formalización da súa solicitude de participación nas accións formativas que lle interesen, así como pra obter os beneficios derivados do resto dos servizos prestados por tais plataformas.

Igualmente, fica informado/a de que os datos persoais, profesionais, académicos e outros que subministre como consecuencia deste contrato, dirixidos a recibir servizos formativos presenciais, a distancia, de teleformación e outros servizos, serán rexistrados no ficheiro dado de alta na AEPD denominado FORGA, cuxa titular é a Fundación pra Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA).

O/A solicitante de praza nun programa formativo subvencionado, autoriza a forGA ao tratamento dos seus datos, de acordo coas seguintes finalidades: organización, xestión e execución de actividades formativas e accesorias á formación; tramitación de solicitudes de praza en cursos de formación; selección de alumnos/as; comunicacións de todo tipo relacionadas coa formación, impartición e venda de cursos, así como envío de información e publicacións sobre accións formativas, laborais, económicas, sociais e sindicais.

O/A solicitante de praza nun programa formativo subvencionado reconece, a meio da aceptación deste contrato, que fica informado/a dos seus dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación, respecto dos seus datos persoais de acordo ao previsto na Lei 15/1999 do 13 de decembro, podendo exercitalos por escrito ou por correo electrónico ([forga@forga.gal](mailto:forga@forga.gal)), achegando copia, física ou escaneada, do seu documento de identidade, e dirixindo os seus escritos ao/á:

FICHEIRO FORGA:

"Responsábel de Seguridade da forGA"

Avda. do Aeroporto 92, 1º andar.

36206. Vigo. (Galiza).

A solicitude de baixa na base de datos deberá ser cursada, en calquera momento ou cando administrativamente sexa posíbel (no caso dos

alunos/as), nas condicións especificadas no apartado anterior; aparelhando a cancelación, dos rexistros da base FORGA, de todos os datos de carácter persoal do solicitante de praza e o envío do certificado de cancelación así como implicando a extinción do dereito a ser beneficiario/a dos servizos contratados. Non se admitirán baixas parciais nalgún dos servizos pactados, dado o carácter indivisíbel da relación contractual.

O/A solicitante de praza no programa formativo subvencionado autoriza á forGA a tratar e ceder os datos facilitados por medio das plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal),

ás entidades que se indican, cos fins que tamén se sinalan e que se recollen nos correspondentes contratos pra cesión e tratamento de datos, subscritos con cada entidade e nos documentos de seguranza internos das cesionarias e cedentes:

- CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de desenvolver o programa de información xurídico, laboral, económico e sindical pra solicitantes de praza e alumnos/as da forGA, así como co obxecto de xestionar e financiar certas accións formativas pra alumnos/as das ofertas subvencionada, non subvencionada e universitaria da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

- CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (CIP) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e alumnos/as das ofertas subvencionada, non subvencionada e universitaria da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

- FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e alumnos/as das ofertas subvencionada, non subvencionada e universitaria da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

- ÁS EMPRESAS SUBCONTRATADAS POLA FORGA ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta destas, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e

alunos/as das ofertas subvencionada, non subvencionada e universitaria da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

- Á XUNTA DE GALIZA, AO GOBERNO CENTRAL OU A CALQUERO OUTRA ADMINISTRACIÓN ou EMPRESA PÚBLICA GALEGA, ESPANHOLA OU EUROPEA competente e responsábel da regulación da acción formativa na que participe o alumno/a; autorizándoa, en aplicación do establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, a comprobar a veracidade dos datos achegados.

**DÉCIMA.-** Normativa xeral de aplicación á relación contractual. dereito á rescisión do contrato:

Esta relación contractual réxese pola lexislación vixente en materia de servizos da información e comercio electrónico (Lei 34/2002 de 11 de Xulho), polo Código Civil e, no seu caso, polo Código de Comercio, así como pola Lei de Protección de datos de carácter persoal.

A duración e vixencia dos programas formativos subvencionados ven determinada polas normas das entidades concedentes dos mesmos. Cancelados, rematados e/ou suspendidos os programas formativos subvencionados, a forGA ficará autorizada a extinguir, suspender e/ou modificar este contrato; dando a baixa da solicitude de praza, por cancelación e/ou suspensión do programa, manténdoa vixente ou transferíndoa ao mesmo ou a outros programas formativos homologábeis. A extinción, suspensión ou modificación da solicitude de praza, derivada do susposto anterior, non xerará dereito a indemnización ou resarcimento, por parte da forGA, á persoa contratante.

Calquera das dúas partes poderá rescindir este contrato, sen dereito a indemnización ou resarcimento algún, con só comunicalo por escrito a outra parte cumha antelación mínima de 15 días á data da extinción contractual decidida.

**DÉCIMO-PRIMEIRA.-** Solución de discrepancias e xurisdición:

A solución das discrepancias que puidesen xurdir, como consecuencia do vigor deste contrato, sométese á xurisdición dos tribunais da cidade de Vigo; sendo preceptivo, antes da interposición de calquera acción procesual, o intento documentado de acordo e, posterior, reclamación previa ante a entidade forGA.

**En Galiza, na data de alta na plataforma [www.forga.gal](http://www.forga.gal)**